

Aprobación inicial do
plan do polígono
industrial de A Lomba

Páxina 3

A RAG incorpora
“alfombreiro” e
“augista” ao dicionario

Páxina 3

O BNG denuncia
desatención pediátrica

Páxina 6

A Cañiza pasará a
denominarse
"A Caniza"

Páxina 9

A Cañiza e Covelo
impulsan a igualdade

Páxina 11

O Festival de Cans
estará nos Premios
Goya 2026

Páxina 13

Mos busca irmandarse
co eslovaco Pezinok

Páxina 14

A Deputación inviste no
saneamento de Entenza

Páxina 15



O xamón reina na Cañiza

P. 16

O Concello de Ponteareas aproba as súas contas de 2024

O BNG acusa ao goberno de maquillar as cifras

Páxina 5



EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Por que nos representan impresentables

Hoxe, sometidos a esta calor insupportable non está demais que falemos dos insupportables representantes que nos representan nas distintas instancias que conforman o tecido político-institucional: Concellos, Deputacións, Parlamentos, etc.

Como aínda sendo un tema que puidera parecer atractivo non deixa de ser algo complicado, non imos ser nós, coa nosa colleita persoal, quen lles ofrezamos unhas cantas razóns desta sinrazón. Botamos man dun artigo amplo que nos ofrecen Francisco Merino Pacheco e Martín Alonso Zarza na revista mensual EL VIEJO TOPO que teño “a manía” de mercar cada mes dende hai xa uns cantos anos. A todos os que sintan a necesidade de beber en fontes diversas e coas augas sempre cristalinas ánimosos a que fagan o mesmo.

Pero, como din os do Baixo Miño, imos-lá:

Desapareceu do radar a pregunta de por qué se deixaron embaucar os alemáns cando ao cumprirse 80 anos da liberación de Auschwitz se confirmaron os prognósticos que auguraban uns resultados abultados a un partido cuxa líder, Alice Weidel, declarou sen pestanexar que Hitler era comunista. Tempo atrás foi Mario Vargas Llosa quen aseguraba que “o importante dunhas eleccións non é que haxa liberdade, senón votar ben”. Acostuman votar mal “os países que non están convencidos da razón de ser democrata da súa sociedade”, aínda que non en todos os casos, engade con certa cautela.

Pero resulta que a democracia bandeira do mundo acaba de votar a Trump, un delinciente convicto por varias causas, entre as que está impulsar un golpe de Estado.

De aí a pregunta: por que nos representan impresentables? Porque os votamos. Pero, por qué os votamos? Esa é a “nai do año” das preguntas da ciencia política que nos remite á racionalidade da conducta humana.

O psicólogo Daniel Kahneman afirma que podemos “manter unha fe inquebrantable en calquera proposición por absurda que sexa”, ao tempo que; e isto é o máis preocupante, porque ao tempo que somos cegos do obvio tamén o somos da nosa propia cegueira. Endexamais houbo carestía de argumentos para apoiar calquera doutrina



na que un queira crer polas razóns que sexan. A máis extravagante crenza extrema é a pancarta portada por un xudeu nunha manifestación nazi co letreiro: “Nós fora”.

Foi Arendt que en “Verdad y política”, afirma que “o resultado dunha constante e total substitución da verdade dos feitos polas mentiras non é que as mentiras sexan aceptadas no futuro como verdades senón que o sentido polo que nos orientamos no mundo real queda destruído”.

A desigualdade como crematorio de soños e semilleiro de descontentos.

Coincidindo co Foro Económico Mundial de Davos, Oxfam publicou o seu informe de 2025 no que constata a aceleración do enriquecemento dos máis ricos. Sen embargo, o número de pobres non diminúe dende hai tres décadas: o abismo da desigualdade crece en paralelo á riqueza dos máis ricos. Foi na campaña de 1992 cando Bill Clinton prometeu acabar co “Estado do benestar” tal como o coñecemos”. Aquí comezaba co Consenso de Washington o xiro neoliberal da socialdemocracia que non resulta alleo á irrelevancia de hoxe. A desigualdade é o verdadeiro elefante na habitación.

A competencia polo estatus anima o consumo e os hábitos de consumo dos ricos, reducen o grao de satisfacción dos

pobres; de modo que a insatisfacción é un coste adicional que os ricos impoñen ao resto da humanidade.

O éxito dos alquimistas do malestar está en ter externalizado á esfera pública os custos do credo liberal (austeridade, deterioro dos servizos sociais, debilitamento das institucións, depauperación e fundimento das clases medias, uberización do traballo) que produciron precariedade e inseguridade económica. Este malestar transfórmasse en descontento e exasperación que resulta ser o móbil do populismo polo lado da oferta.

Pero os alquimistas controlan o cambio de agullas e desprazan a responsabilidade dos beneficiarios da desigualdade de modo que a plutocracia debilitou as institucións democráticas e impugnou o contrato social da posguerra, concebido precisamente para previr contra os alquimistas.

O barómetro francés da confianza política (CEVIPOF) mostra que os dous calificativos que mellor expresaban o estado de ánimo dos franceses son a desconfianza e o hartazgo, as augas revoltas onde engorda a demanda populista. Proba delo, o eslovaco Andrej Babis, que foi comunista e nestes momentos é multimillonario, creou un partido cun nome tentador: “Acción de Ciudadanos Insatisfechos”.

Os cidadáns están vendo a destrución progresiva do ascensor social e o fundimento dos soños: o soviético da fraternidade dos traballadores primeiro; o americano da salvación individual e o consumo aspiracional despois. O discurso da emancipación desaparece. Neste crematorio de soños deslumbran os señuelos dos salvadores. Como, senón, explicamos o ascenso e triunfo de tiranos e de charlatáns? O equipo de L. Guiso conclúe que a inseguridade económica, inductora de medos, frustracións e desconfianza cara á democracia é a verdadeira causa do atractivo e da demanda de políticas populistas. No argumentario do populismo non figura esa causa fundamental senón elementos dunha contrarrevolución cultural (inmigración, gran reemplazo, wokismo, antileitismo...).

El “no nos representan” cambiou de bando. De modo que se produciu unha desconexión causal entre os motivos do populismo no lado da oferta, que son fun-

damentalmente económicos, e os motivos do populismo no lado da demanda que son sobre todo culturais.

Se a desigualdade é o elefante na habitación, o cambio de agullas atribucional é o gorila na cancha. Os creadores de marcos autorreferenciais (eles-nós) teñen o poder de establecer a realidade percibida e converter os conflitos distributivos en contenciosos culturais.

É pouco probable que un votante populista beba nas fontes citadas: unha das ventaxas do populismo é que nos aforra cun par de tuits e un emoticono páxinas de datos e argumentos. Pero nen siquera prestará atención ás declaracións nas que os interesados enseñan as súas cartas, como fixo Warren Buffet en 2005: “Hai guerra de clases, de acordo. Pero é a miña clase, a clase rica, a que está facendo a guerra e estamos gañando”. Gañaron a guerra porque lle votaron os que a perderon. É a gran paradoxa. Unha paradoxa que ten un pe invisible na ribeira da desigualdade e o outro, aumentado, na ribeira cultural e un leitmotiv que remite ao rexistro das emocións.

Para concluír, recuperar a linguaxe da esperanza. A utopía. A emancipación. Unha tarefa indispensable e previa é recompoñer o espazo dunha economía convertida en inimiga do benestar colectivo, noutro no que sexa un medio ao servizo da política. Seguidamente restaurar a dignidade e a lexitimidade da política na súa dobre vertente: por un lado, esixindo aos partidos políticos e institucións conductas á altura das súas responsabilidades; por outro, asumindo as responsabilidades propias dende a premisa de que os deberes son parte inherente da condición de cidadán como o son os dereitos. Non estamos no mundo para o noso beneficio persoal.

Tan nefasto é o populismo como o nihilismo. Como afirma Arendt, hai que combater por igual a falsa esperanza e a falsa desesperación para afrontar o que lle chamou a escuridade da nosa era. Contra o nihilismo da desesperanza o futuro non está escrito. Non é inevitable que nos representen os impresentables.

Que así sexa.

Páseno ben e teñan coidado coas as calores deste verán tolo.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiráldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

Aprobación inicial do plan do polígono industrial de A Lomba

O Concello informou da aprobación inicial da modificación puntual nº2 do PXOM, que ordena pormenorizadamente o ámbito SURBZ-01 IND "A Lomba". De acordo ás fontes do Concello, "esta aprobación inicial pon fin á inseguridade xurídica que durante anos afectou ás empresas da zona e crea as condicións para o seu crecemento e a implantación de novas actividades industriais" con énfase na viabilidade urbana e ambiental.

Destacan neste apartado o aforro de 2,4M€ en custos de urbanización interior e conexións exteriores; a redución do viario nun



30%; o incremento do 20% en zonas verdes de cara á zona residencial de A Freixa, grazas tamén á demolición da antiga fábrica de madeiras; a redución do número de propietarios de 144 a 85; a repercusión do custo por

m²: pasa de 30 €/m² a só 17,77 €/m²; o incremento do aproveitamento urbanístico, que pasa de 0,351 a 0,386 m²/m² (un 10% máis valor edificable); e o aumento da edificabilidade neta de 36.000 m² a máis de 56.000 m².

Entre outras medidas tamén salientase a reordenación de espazos para o sector servizos, beirarrúas, carril bici e renaturalización da contorna con plantación de 1.350 árbores; 1.447 novas prazas de aparcamento; eliminación da obriga de soterrar a liña de alta tensión; e adaptación e ordenación viaria aos enlaces previstos polo MITMA na N-120.

As comunidades de montes de Arcos e Ponteareas víxian a Picaraña para evitar incendios

As Comunidades de Montes de Ponteareas e Arcos veñen vixiando o monte da Picaraña dende a pasada semana e así continuarán mentres a situación de risco extremo de incendio se manteña. Ducas de voluntarios e voluntarias de ambas as dúas parroquias están colaborando desinteresadamente nesta actividade preventiva. O alto risco de incendios existente levou aos comuneiros das dúas parroquias a establecer un operativo de vixiancia e control no propio monte. O dispositivo permite controlar os accesos rodados ao monte e a vixiancia permanente dende diferentes puntos estratéxicos. As altas temperaturas unidas á abundante vexetación existente fai que a alerta sexa máxima entre as comunidades veciñais.

As Comunidades piden á veciñanza que na medida do posible se absteñan de acudir á Picaraña



e aos montes mentres se manteña esta situación, pola súa propia seguridade e para dificultar a acción das persoas incendiarias.

As Comunidades veñen organizando estes operativos dende hai máis de dez anos. Por outra banda, as CMVMC teñen dispoñíbeis tamén os seus equipos e ferramentas de intervención e extinción para poder actuar de in-

mediato ante calquera foco de lume, uns medios que xa resultaron moi útiles e eficaces nos lumes de 2017 cando ducas de voluntarios e voluntarias foron capaces de frear a chegada do lume ás Chans da Picaraña. As persoas interesadas en colaborar nesta actividade poden contactar coas comunidades en parroquiadearcos@gmail.com ou 628367616.

Vacacións en Paz cos nenos saharauís



Alcaldesa Nava Castro e a concelleira e Benestar Social de Salvaterra, Sandra Bastos, recibiron aos oito nenos do programa "Vacacións en Paz" organizado por Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) co apoio da Xunta que estarán acollidos por

familias os meses de xullo e agosto. No acto tamén estiveron presentes a presidenta de SOGAPS e de CEAS (Coordinadora Estatal das Asociacións solidarias co Sahara), Maite Isla, e a delegada de zona de SOGAPS en Galicia, Concepción Fernández.

A RAG honra ao Corpus incluíndo o termo "alfombreiro"

As voces Alfombreiro, -a, auguista e lubre xa poden consultarse no Dicionario da Real Academia Galega. O Seminario de Lexicografía acaba de incorporar a esta ferramenta en liña estas tres palabras, logo de valorar senllos pedimentos da Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas, o Concello de Mondariz Balneario e mais o grupo musical Luar na Lubre e Navia Franco Baireiro. O director do Dicionario,



Manuel González, agrádecélles a todas as partes o interese manifestado para manter actualizada esta ferramenta en liña, obra fundamental para o estudo e coñecemento da nosa lingua.

Orgullo musical de Ponteareas

Gabriel Sousa Fernández, formado no Conservatorio Municipal de Música de Ponteareas, acadou xunto á Apulia Youth Symphony Orchestra (AYSO), Italia, o premio á mellor orquestra no World Music Festival celebrado en Viena (Austria).



RESTAURANTE
Pizzaria

SAN MARTÍN
desde 1994

Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10
36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com

Telf.: 986 640 211
Móvil: 629 614 508

CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
36860 PONTEAREAS
info@cvpontareas.es

☎ 886 21 61 51
URX. 603 61 02 23

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

BNG: “propaganda na visita do Conselleiro de Sanidade”

O BNG criticou a visita a Ponteareas do conselleiro de Sanidade Antonio Gómez Caamaño, considerándoa “puramente propagandística”, nun momento no que o Centro de Saúde está “totalmente desmantelado” ante a modificación do PXOM por parte do goberno de Nava Castro e con case 3.000 nenos e nenos e miles de adultos con escaseza de médicos e de pediatras “pola decisión da Xunta de manter sen pediatría os centros de saúde das súas localidades”.



Ante esta situación, o BNG presentou unha proposta para o seu debate no Pleno municipal de xu-

llo esixindo á Xunta a cobertura inmediata da praza vacante de pediatría.

Récord de asistencia no IX Festival Internacional Algazara

O público respaldou o XI Festival Internacional Algazara “Danzando entre culturas” celebrado na Feira Vella na que participaron a “Compañía Artística Mien-Moh” de Costa de Marfil; o conxunto de canto e danza “Shurq Salodari” de Uzbekistán; o WICI Song & Dance Theatre de EEUU; Triskari Dantza Taldea de Euskalherria e a Agrupación Folclórica Algazara, organizadora do evento. Esta edición



homenaxeou ás cantareiras, en concreto a Palmira e a Saladina, que recibiron un agasallo da man

da alcaldesa Nava Castro e do tenente de alcaldesa, Juan Carlos González.

Convenio con Cruz Vermella

O Concello e Cruz Vermella no Condado asinaron por segundo ano consecutivo, un convenio de colaboración para desenvolver os proxectos “+ Preto de Ti” para combater a soidade e o illamento social en maiores de 60 anos e de 55 en caso de discapacidade; e o de Benestar e Activación Social para as familias en situación de vulnerabilidade.

No caso do primeiro proxecto o obxectivo é chegar aos 100



participantes e acadar 80 actividades de prevención e sensibilización en parroquias como Fozara,

Celeiros e Paredes. No segundo proxecto agardase alcanzar as 120 familias.

PSOE denuncia agresión contra un traballador municipal

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE presentou unha solicitude formal de comparecencia urxente do concelleiro de persoal, Jesús Manuel Cao Vila, trala denuncia dunha presunta agresión a un traballador municipal por parte

dun concelleiro do goberno recollida na acta da reunión da mesa xeral do persoal laboral e funcionario celebrada o pasado 18 de xuño e na que, segundo fontes socialistas, o propio concelleiro Cao Vila desestimou asumir a súa responsabilidade.

PSOE: “A nova ordenanza fiscal vulnera a legalidade institucional”

O grupo municipal socialista denunciou a forma “irregular e opaca” na que o goberno de Nava Castro aprobou inicialmente unha nova ordenanza fiscal no pleno celebrado o 29 de xullo. Critican que a proposta “fora modificada e presentada o mesmo día da sesión plenaria, incumprindo flagrantemente o Regulamento Orgánico Municipal (ROM)” que estipula que como moi tarde debe presentarse o día antes.

Os socialistas reclamaron que o concelleiro responsable Francisco Jesús Represas difundiu con anterioridade esta nova ordenanza vía nota de prensa e en redes sociais, “un xesto de soberbia institucional e de desprezo

polas regras democráticas”.

Na devandita nota de prensa, o Concello aseguraba que “por primeira vez na historia do municipio, unha Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Liquidación, Inspección e Recadación Tributaria marcará un antes e un despois na política fiscal local” por ser un avance decisivo na “modernización, simplificación e dixitalización da administración tributaria municipal” establecendo “un marco normativo xeral que regule de forma coherente e unificada todos os procedementos fiscais municipais” apostando pola administración electrónica e a tramitación automatizada e unha maior información e transparencia.

“Ouletea” de calidade

O Concello organiza a primeira feira de oportunidades “Ouletea” que ofrecerá produtos de calidade aos mellores prezos a celebrarse os días 8 e 9 de agosto nas rúas Es-

peranza e Oriente, con actividades de animación na Praza Bugall e na Praza Maior para ambientar estas xornadas de compras e tempo compartido que permitirán dinamizar o comercio.

Biblioteca a tempo completo

O concelleiro de Ensino Ricardo González informou que a biblioteca municipal xa presta servizo as 24 horas do día dos 365 días do

ano, beneficiando a máis de 60 persoas adultas con horarios extraordinarios grazas ao sistema de código electrónico de entrada para as persoas usuarias.



Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675
fiosanconstruccion@gmail.com



Abrimos todos os días
de 12 a 23:59h

Praza Maior, 19 baixo
PONTEAREAS

Non pechamos
cocina



Alquiler de CAMPERS
y AUTOCARAVANAS

667 40 19 07

www.pontecamper.com

PONTEAREAS

Aprobadas as Contas 2024

O Pleno do Concello aprobou a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2024 cun balance “claramente positivo”, segundo salientou o concelleiro de Facenda, Francisco J. Represas. A proposta do Goberno municipal (PP-ACIP-IP) saíu adiante cos votos a favor dos 11 concelleiros do executivo, fronte aos 3 votos en contra (PSOE e Ponteareas en Común) e 5 abstencións (BNG).

Dende o goberno consideran que a Conta Xeral “reflicte a consolidación da recuperación económica do Concello tras anos de xestión deficitaria”. O exercicio 2024 pechouse cun superávit de 2.009.968€, destacando a “xestión responsable e ao control rigoroso do gasto público”. Destacaron tamén a redución do importe pendente de pago a finais de ano: de 2,9M€ en 2023 a só 597.000€ en 2024.



En termos de execución, os ingresos acadaron o 81% (23,2 millóns de euros) e os gastos o 79% (21,2 millóns). O Concello pechou con 814.200€ nas contas

bancarias, un incremento do 56% nos fondos líquidos. Dende o goberno municipal destacaron tamén a aprobación do Plan Anual de Contratación así como se está traballando nun expediente de depuración de cobros debido a que “existen importantes cantidades pendentes dende 2011”.

BNG: “maquillaxe para ocultar a nefasta xestión económica”

Tomando como referencia os datos extraídos do informe oficial de Intervención Municipal, o concelleiro do BNG, Xosé Carlos Vázquez, denunciou publicamente a estratexia de manipulación informativa do goberno de Nava Castro, ao que acusa de “maquillar as cifras e ocultar datos relevantes” para ofrecer “unha imaxe irreal da situación económica do Concello”.

Indica Vázquez que existe un desequilibrio nas contas toda vez realizouse unha “análise rigorosa



das contas oficiais” nas que se demostra que “o resultado orzamentario axustado é negativo en máis de 350.000€, e que o rema-

nente de tesourería axustado tamén presenta un saldo negativo de case 280.000€ pola existencia de facturas pendentes”. Explica igualmente que a débil situación financeira do Concello “só puido ser parcialmente disimulada pola chegada de ingresos extraordinarios procedentes de accións do anterior goberno liderado polo BNG” como unha subvención do IDAE por 2,5M€ así como 1,2M€ pola liquidación positiva da Participación nos Tributos do Estado do exercicio 2022.

Iniciativa pioneira sobre vivendas baleiras

O Concello creará unha liña de axudas para posibilitar o acceso á vivenda e revitalizar as zonas despoboadas. Segundo os datos do Padrón Municipal, Ponteareas conta con 11.018 vivendas rexistradas, das que 1.755 están baleiras, o que representa aproximadamente o 15,9% do total.

A publicarse proximamente no BOPP, se concederán axudas á propiedade por obras nas vivendas baleiras no rural e por obras de conversión dos baixos comerciais a vivenda no centro urbano que pasen a formar parte do programa de alugueiro a prezo taxado. O prezo do alugueiro non excederá dos 500 € mensuais no primeiro ano do contrato, podendo actualizarse nos anos seguintes.



Para este fin o Concello destina neste ano un total de 75.000 € que subvencionarán obras de mellora, acondicionamento e reconversión de baixo a vivenda. En concreto, destinará 45.000 € á liña de conversión de locais comerciais en vivenda e posta en alugueiro e 30.000 € á liña de rehabilitación e mobilización de vivendas baleiras no rural para alugueiro.

O CEIP As Veigas acollerá alumnado con necesidades específicas

O Concello executa as obras necesarias para transformar a antiga casa do conserxe do CEIP As Veigas nunha unidade de educación especial que entrará en funcionamento o vindeiro curso escolar 2025/26.

Segundo explicou o concelleiro de Ensino, Ricardo González, este novo espazo contará cun baño, tres aulas e zona de almacén e creará un ambiente axeitado para atender a alum-



nado e familias con estas necesidades. Se incorporará un novo docente especializado e o servizo dará cobertura a cinco nenas/os.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com



CONDADO/PARADANTA

Ampliación do aparcamento do Centro de Saúde

O Concello anunciou a apertura dunha nova zona de aparcamento no Centro de Saúde, de máis de 2.000m² para 80 prazas, tal e como informou a concelleira de Benestar Social, Raquel Plana, quen lembrou o compromiso da Xunta de construír un novo centro de saúde para dar servizo a máis de 40.000 persoas.

Para atender a un maior número de pacientes, este ano a Concellería de Sanidade instalou



un punto de atención diagnóstica e terapéutica que permitiu ampliar o servizo con dúas consultas máis.

O BNG denuncia desatención sanitaria

Nunha comparecencia diante do Centro de Saúde de Ponteareas, acompañada de membros do BNG das comarcas do Condado e A Paradanta, a deputada do BNG no Parlamento Galego, Cristina Fernández Davila, reclamou solucións urxentes ante a situación de “desatención pediátrica” que sofre este centro, onde moitas familias levan semanas sen acceso axeitado ao servizo de pediatría e teñen que desprazarse a Vigo para ser atendidos.

O BNG critica a inacción da



Xunta, á que acusan de desmantelar a sanidade pública, especialmente no ámbito da atención primaria. Fernández anunciou a

presentación de iniciativas parlamentarias para esixir cobertura inmediata das prazas de pediatría vacantes.

O Pontebike Team, no Mundial de Pumptrack

O Club de Ponteareas, Pontebike Team clasificouse para o UCI MUNICIPAL WORLD CHAMPIONSHIPS 2025 que se celebrará en Suíza o vindeiro 5 de Setembro. Alba Fernández e Sergio Veiga desprazáronse a Loureira en Portugal para participar na proba clasificatoria para o Mundial. Alba conseguía facerse co primeiro posto da súa categoría, clasificándoa directamente para o Mundial e



Sergio Veiga o 3º posto, tamén conseguindo a praza para participar no Mundial.

Os mais pequenos do equipo Leo e Dani Díaz tamén conseguiron clasificarse nas súas categorías para o YOUTH WORLD PUMPTRACK CHALLENGE 2025, que se celebrou o 9 de Agosto en Suecia. Tamén conseguía clasificarse para esta proba mundial, Ainoa Pousada, continuando así o proxecto iniciado no Pontebike.

O PSOE denuncia ataque da ultradereita



Mediante comunicado, os socialistas de Ponteareas denunciaron un ataque a súa sede o pasado 26 de xullo coa colocación dun adhesivo do colectivo de extrema dereita “Novembro Nacional”, nun acto que foi considerado como “provocador e antidemocrático” similar a ou-

tros episodios sufridos por sedes do partido a nivel estatal. No comunicado, no que expresaron o seu lema “Nin un Paso Atrás”, criticaron “o clima de crispación política e de ‘todo vale’ que, segundo indican, está ‘alentado pola extrema dereita de VOX coa compracencia, e incluso seguidismo, do Partido Popular’.

Seguridade peonil no centro urbano



A concellería de Vías e Obras do Concello de Ponteareas, que dirixe o tenente de alcaldesa Juan Carlos Glez. Carrera, executa obras de mellora de seguridade viaria e remata a primeira intervención

de pintado de pasos de peóns no centro urbano. Con persoal municipal executouse o pintado de 60 pasos de peóns incluíndo modificacións naqueles pasos que debían ser reubicados.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixatlantico.com

AREAL MADEIRAS

986 64 25 95 - 626 686 277
arealmadeiras@gmail.com
arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

PANADERIA A BROA CAFETERIA

Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

Nattex
Ponteareas

NATTEX PONTEAREAS
Rúa Alcalde Daniel Ojea, 8 baixo. 36860 Ponteareas
T. 986 175 033. M. 618 613 013
nattexponteareas@gmail.com
www.nattex.com

Reurbanización en torno á Casa do Concello

A concelleira de Urbanismo de Ponteareas, Silvia Fernández Táboas, mantivo un encontro cos propietarios dos edificios da contorna da Casa do Concello para presentar o proxecto de reurbanización, no que o goberno municipal investirá 1,1M€ para accesibilidade, incremento das zonas verdes, achegar o comercio á cidadanía e mellorar as redes de subministros, entre outras iniciativas.

Neste reformulación do proxecto engadíronse dúas novas rúas con graves problemas de accesibilidade así como a dotación de acceso a un total de cinco



edificios da rúa Constitución que están bloqueados por escalóns reorganizando o espazo da praza e os xardíns. Tomando en conta as demandas dos veciños tamén

se retirará o adoquín da rúa Rogelio Groba e abrirase ao tráfico a rúa Concha Brey a través da rotonda da Avenida de Galicia para continuar ata Reveriano Soutullo.

Proxectos urbanos paralizados

O PSOE de Ponteareas criticou o anuncio realizado polo goberno municipal de Nava Castro de adxudicarse como propios unha serie de proxectos que foran impulsados con

anterioridade polo PSOE tanto no Concello como na Deputación de Pontevedra relativos á estratexia urbana definido no Plan Agora para recuperación de espazos públicos e mobilidade sostible. Si-

nalaron non só a parálise destes proxectos senón a contradición existente en torno á apertura ao tráfico rodado na Praza Bugallal cando estaba estipulado a creación de zonas peonís.

A mocidade participa na mellora ambiental do Río Tea

A concelleira de Medio Ambiente, Silvia F. Táboas, e a Alcaldesa Nava Castro déronlle a benvida aos catorce mozas e mozos chegados de distintos puntos de España que realizarán unha intervención para a mellora ambiental, patrimonial e do uso público da contorna da praia fluvial da Freixa da man do proxecto de campo "ReseTea en Ponteareas". Na recepción tamén estivo Manuel Allegue, director do campo de voluntariado, e os dous monitores.

Este proxecto realízase en colaboración coa Xunta de Galicia, co gallo de pór en valor os recursos ambientais, patrimoniais e



de uso público da ZEC Río Tea. A iniciativa tamén inclúe ocio formativo con roteiros de sendeirismo, observación de fauna e flora dende o kayak. Os mozo/as, pro-

venientes de Castela A Mancha, Castela e León, Extremadura, Madrid, A Coruña Cantabria, Ourense e Pontevedra pernoctarán no CIFP A Granxa.

A Canuda mellora a súa área deportiva e parque infantil



A empresa adxudicataria do contrato de mellora do Parque Infantil e Área Deportiva do Parque Público A Canuda en Salvaterra ven de iniciar as obras contempladas no proxecto financiado a través do Plan +Provincia da Deputación de Pontevedra por un importe de máis de 150.000€.

O obxectivo é a mellora da conservación e a modernización do parque infantil e instalacións deportivas. Así se retirarán os elementos existentes para substituír os equipamentos obsoletos ou deteriorados e finalmente realizar traballos de pintura dos

elementos para deixar un acabado moderno e con todas as garantías para a plena realización das actividades de lecer e deportivas.

Igualmente incorporaranse novos elementos, no parque infantil instalaranse 7 elementos de xogo novos, un columpio con 2 asentos para bebé, un columpio con 2 asentos planos, un xogo carrusel para 6 usuarios, un balancín de aluminio con 4 asentos, dous xogos resorte, un xogo casíña do bosque e a instalación dunha rede completa de protección. Na área deportiva instalaranse 3 elementos novos, dúas pedaleiras e un "trapezio".

Incendio en Batalláns

O pasado mércores día 6, pola tarde, iniciouse un incendio na parroquia de San Pedro de Batalláns, As Neves, que calcinou máis de 50 hectáreas de masa forestal e foi controlado ás dez da noite do xoves 7. O lume xerou unha situación crítica ao achegarse a vivendas nos núcleos da Abelleira e Portela, o que levou a decretar a Situación 2 como medida preventiva. Non foi necesario desalojar aos residentes, aínda que se lles recomendou confinarse temporalmente pola

intensa presenza de fume.

A extinción do incendio requiriu un amplo dispositivo de medios, coordinado pola Concellería do Medio Rural. Segundo os datos oficiais, mobilizáronse 6 técnicos, 14 axentes, 23 brigadas, 17 motobombas, 4 pas, 3 unidades técnicas de apoio, 6 helicópteros e 2 avións. A intervención foi especialmente complexa debido á afectación da autovía A-52, onde o fume provocou retencións e unha circulación irregular no quilómetro 286.

Servizos técnicos forestais
e obra do rural



Azorín, 9 Estudo - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071



OPINIÓN

Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Repensar a celebración do Día da Patria

A celebración do Día da Patria Galega foi concebida como unha data para reflexionar sobre a reconstrución da identidade galega. Con ese obxectivo institucionalizáronse os mitins das arengas na praza da Quintana nos anos da II República. Os oradores reflexionaban en alta voz posibles iniciativas transformadoras valéndose da pedagogía, unha ferramenta imprescindible para educar as mentalidades dos asistentes a tales actos.

Agora, en data tan sinalada as expresión da leguidade nos actos convocados son así: dentro da catedral, na ofrenda ao Apóstolo, onde sempre o delegado rexo, un político, le un texto solicitándolle ao santo a intercesión para resolver problemas políticos e sociais que só lles corresponde ás institución públicas realizar; e, fóra, na praza da Quintana, os discursos que se pronuncian son para emendarlle plana ás institucións da Xunta de Galicia. Dúas maneiras distintas de celebralos que dan que pensar.

Ao fio deste dous estilos de celebracións véñenme ao maxín moitas anécdotas reveladoras que evidencian que estas liturxias carecen da eficacia necesaria para alentar a galeguización da poboación. No Día da Patria estes ritos realízanse para consumo interno das organizacións e institucións convocantes.



Lembro ter asistido a moitos actos de presentación de obras literarias, onde o editor, o autor da obra e a persoa encargada de facer a louva, exaltaban os valores do libro, ao tempo que lles recomendaban aos asistentes que as mercasen. En moitos destes actos as empresas editoras convidaban aos presentes a uns petiscos e un viño para seguiren mollando a palabra. A contradición era evidente: os envases dos viños estaban etiquetados en castelán. Tan canso estaba de presenciar este esperimento que unha das veces sinaleilles aos organizadores que non podían seguir cometendo tamaña torpeza. Se o libro estaba editado en lingua galega, as etiquetas dos viños tamén. Un dos editores, molesto,

reprochoume que fose tan esixente, porque estaba a sacar as cousas de quicio. Estaba claro que aquel señor desentendíase das alianzas estratéxicas.

Produce decepción e mesmo rexeitamento a conduta daquelas persoas que despois

galega. Non facelo así, optando por marcas que marxinan a lingua galega das súas etiquetas é impedir que se galeguice a economía.



A estes galegos eu diríalles que reparen na historia do país e comprobén como houbo empresarios que foron galeguistas, facendo publicidade en lingua galega, como foi o caso do “Almanaque Agrícola ZZ” editado polos Laboratorios Zeltia, en tempos difíciles, en 1952; como un científico da medicina oftalmolóxica, tal é o caso de Antón Beiras, descubridor da forma de corrixir o estrabismo no mundo, foi quen de publicar o resultado do seu traballo en lingua galega en 1957. Ese mesmo ano, outro médico galego, Xoán Rof Carballo, autoridade na materia da medicina sicosomática, publicou o seu ensaio no noso idioma, “Mito e realidade da Terra Nai”. En 1931 o estudante de Dereito, Fermín Bouza Brey realizou o primeiro exame académico en lingua galego na historia da USC. O exemplo de moitos empresarios galeguizando os seus negocios e marcas, son actitudes para a reflexión nesta data.

Hai que pasar dos discursos retóricos aos que son transformadores. Só así poderemos converter a cada cidadán, cargo público ou militante político nun activo dinamizador da galeguización. Os ritos sen intencións transformadoras son representacións teatrais que nada aportan ao obxectivo de galeguizar Galicia.

JJ Copas

Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos

Avda. Galicia
Ponteareas

ATLANTICOLOR

Ferretería
y pinturas

Tlf.: 986 669 955

Permitido acceso de vehículos
zona carga y descarga max. 15 minutos

Rúa do Salgueiro, 7 Ponteareas

Asesoría Técnica Agrícola

AGROITIS

Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista
Dello Rodríguez nº4 baixo
36880 Ponteareas
agrovis@agrovis.es
www.agrovis.es

ELECTRICIDAD

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

BOUZA

ALFONSO Y DANIEL, S.L.

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@grupalong.com www.grupalong.com

acero plus

imprensa digital

IMPRESA · PUBLICIDAD · WEB

986 66 03 61
604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

Saneamento do núcleo urbano e Valeixe

O Alcalde da Cañiza Luís Piña anunciou a adjudicación das obras de mellora do saneamento e da EDAR do núcleo urbano e Valeixe por máis de 1,1M€ por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS). A actuación, a primeira de gran envergadura da CHMS no municipio, será executada pola UTE Vipeca – San Gregorio e terá un prazo de execución de 8 meses.

A actuación aprobada inclúe a renovación de 919 metros de colectores no núcleo urbano, especialmente nas rúas Antonio Facorro



e Sifón; a eliminación dos colectores que discorren polo leito do regato da Fonte Santa, que pasa polo casco urbano; e finalmente a construción dunha nova EDAR en Valeixe,

De “A Cañiza” a “A Caniza”

O novo rexistro no Nomenclátor de Galicia impulsado pola Xunta e a RAG, que deberá ser aprobado polo Consello e publicado no DOGA, pretende cambiar 2.532 topónimos entre eles substituír a “ñ”

no nome oficial do Concello de A Cañiza, que pasará así a denominarse oficialmente “A Caniza”.

Outras propostas de cambio de nome oficial son as de “Cangas do Morrazo” en lugar de “de Morrazo”; o “Castro de Caldelas” en

vez de Castro Caldelas; A Ribeira de Piquín, Alfoz de Castro de Ouro, Cerdedo Cotobade, Mondariz Balneario (sen guiñón), O Campo Lameiro, O Porto do Son, O Riós, Oza Cesuras e Pastoriza, entre outros.

Seguridade na Festa do Xamón

O Concello de A Cañiza e a Xunta Local de Seguridade, copresidida polo Alcalde Luis Piña e o Subdelegado do Goberno en Pontevedra, Abel Losada, reuníronse cos representantes das forzas e corpos de seguridade para acordar os dispositivos de seguridade necesarios para a Festa do Xamón a celebrarse do 15 de agosto.

Aplicarase o plan de circulación aprobado, co corte dun carril e circulación en sentido único na Carballeira, co fin de evitar colapsos na A-52 e nos accesos ao



núcleo urbano. Tamén analizáronse a evolución dos datos de criminalidade no municipio; os riscos de incendios; os problemas recorrentes de estacionamento inde-

bido e exceso de velocidade; a problemática veciñal relacionada cos ruídos; e a aplicación do sistema VioGén contra a Violencia de Xénero.

O Entroido de Verán xa é unha tradición en A Cañiza

O IV Entroido de Verán na Cañiza celebrado o 26 de xullo reuniu a máis de medio millar de persoas disfrazadas, superando todas as expectativas de asistencia e consolidándose como un dos eventos máis esperados do verán. Este evento foi organizado polo Club Balonmán Cañiza, con apoio do Concello e a participación da Asociación de Comerciantes

Unha das propostas estrela foi, un ano máis, o concurso de disfraces, que repartiu 1.500€ en



premios. Ademais, recoñecéronse tamén os mellores espazos decorados do municipio, cun premio

ao balcón mellor engalanado e ao escaparate máis orixinal.

As mellores da PAU 2025



O Alcalde da Cañiza, Luís Piña, recibiu no Salón de Plenos do Concello a Érika Mariño Álvarez e Iria Fernández Giraldez, alumnas do IES da Cañiza, en recoñecemento á súa cualificación sobresaliente

nas PAU 2025. Ámbalas dúas foron distinguidas co premio aos Mellores Expedientes de Galicia (MEGAU 2025). Érika estudará Medicina na USC mentres Iria cursará Enxeñaría Espacial na Uvigo, campus de Ourense.

Humanización da rúa Antonio Falcorro

O Alcalde de A Cañiza, Luís Piña, e o presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López Diéguez, asinaron o Convenio de Colaboración para a execución do proxecto de humanización da rúa Antonio Facorro. Cun orzamento global de 1.254.366,89 euros (IVE incluído), o acordo permitirá canalizar un investimento de 700.000€, a través do “Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra”. A intervención abran-



guará unha superficie de 4.105 m², nun eixo estratéxico que conecta a Praza Maior co Parque Central.

150 menores disfrutaron do Campamento de Verán 2025

Un total de 150 neno/as pasaron polo Campamento Urbano de Verán 2025 que o Concello da Cañiza organizou ata o 31 de xullo nas instalacións do CPI da Cañiza. Gincanas, xogos tradicionais, deporte ao aire libre, rutas de sendeirismo e, sempre que o tempo o permitiu, actividades acuáti-

cas na piscina municipal das Grades, de uso exclusivo para os participantes, foron as principais actividades deste campamento que foi xestionado por 10 monitoras cun investimento municipal de 17.676,00€, dos cales 11.952,00€ foron subvencionados pola Xunta.

Ferretería

Julio Pérez Giraldez

Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
julioperezgiraldez@hotmail.com

C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

CONDADO/PARADANTA

Recuperación da cestería de Mondariz

O portavoz de Alternativa por Mondariz (ApoM), Xoán Carlos Montes, tivo a oportunidade de reunirse con Ernest Urtasun, Ministro de Cultura do Goberno de España para darlle traslado de algunhas cuestións relacionadas coa recuperación da cestería en Mondariz así como doutros oficios artesanais.

Entre as necesidades a destacar están as trabas legais relacionadas coa contratación de persoal e a creación de obradoiros tomando en conta que moitos destes oficios están desenvolvidos por persoas xubiladas, toda vez



os mesmos serven para potenciar o rural, xerar postos de traballo e asentar poboación. Na xuntanza

valoraron a creación dunha escola-obradoiro nun edificio no centro de Mondariz

Barros Bello (BNG) deixa a Corporación de Mondariz

O nacionalista Xosé Emilio Barros Bello anunciou a súa decisión de deixar a Corporación Municipal de Mondariz tras 18 anos representando ao BNG, onde foi concelleiro entre 2007 e 2023 e o primeiro Alcalde nacionalista en Mondariz entre 2019 e 2023.



Reflexión histórica “Pensando no Verán”

O Concello de Covelo realizará a primeira edición de “Pensando no Verán”, unha iniciativa cultural financiada pola Deputación de Pontevedra que aposta por recuperar o pensamento crítico e a reflexión. Esta actividade realizarase entre o 12 e 23 de agosto na Reitoral de Santa Marina e contará cun ciclo de

cinco relatorios que xirarán arredor dun tema central: a invisibilización da memoria da escravitude en Galicia e en España. Os poñentes serán os académicos Xosé María Lema Suárez; Ángel Pérez Fernández; Miguel Vázquez Freire; Iolanda Martínez Suárez; Saleta de Salvador Agra; e Jorge Álvarez Yáñez.

20 aniversario de Artealdeia

Do 2 ao 10 de agosto de 2025, en Areas de Piñeiro, en Covelo, converterase de novo nun espazo de encontro coa arte e as tradicións grazas a Artealdeia, que este ano celebra a súa 20ª edición. O festival, organizado por Artealdeia e coa colaboración do Concello de Covelo, ofrecerá unha programación única que mestura música, danza, teatro, poesía, talleres



creativos, excursións, gastronomía popular e actividades para todas as idades.

Oda ao Colesterol por un día

A praza de Maceira en Covelo acolleu o 9 de agosto, a “III Festa do Colesterol por un día”, un evento gastronómico e festivo organizado pola Asociación Virxe da Guía de Maceira co obxectivo de recadar fondos para as súas actividades,

e que conta coa colaboración do Concello de Covelo. No menú destacou a empanada de mazá, chourizo, 2 ovos, patacas fritas, pan e sobremesa e chistorra, patacas e dous ovos para os máis pequenos. A música estivo presente co DJ Pitty e Cyntia&Rose.

AporM denuncia a “parálise” no Concello

O voceiro de Alternativa por Mondariz (AporM), Xoán Carlos Montes, denunciou a situación de “parálise” no Concello nos 10 meses que leva de xestión o actual Goberno encabezado por Pablo Barcia (PP), criticando a inexistencia de execución de obras necesarias como o saneamento da parroquia de Vi-

lasobroso; a compra de material para servizos sociais (incluído un vehículo); material administrativo (sinais, contenedores, compactadora...); obras nas parroquias de Riofrío, Frades, Lougares e Meiról; o remate das obras no campo de fútbol; a realización da Senda da Levada, xa acordada con anterioridade coa Xunta e a Comunidade

de Montes por parte do goberno de AporM, todas elas amparadas no programa +Provincia 2024 da Deputación.

Denunciou igualmente a crise económica no Concello ante a incapacidade do actual goberno para presentar un orzamento municipal, toda vez xa se ten gastado o 80% do orzamento anterior.

A sequía obriga a multar en Covelo

O Alcalde do Covelo, Juan Pablo Castillo, emitiu un bando municipal pioneiro na provincia de Pontevedra no que insta a un “uso responsable da auga” por parte dos veciños e dos veraneantes establecendo restricións e multas de entre 50 e 500€ a todos aqueles que usen a auga



municipal para regar hortas, viñedos, xardíns e encher piscinas. Entre as medidas a implementar están a medición casa por casa do consumo da auga. Así mesmo, o Concello promove o uso das praias fluviais como alternativa ante as elevadas temperaturas e a escaseza de auga.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com



Programa CLARA para a igualdade

Os Alcaldes da Cañiza, Luis Piña, e de Covelo, Pablo Castillo, presentaron o Programa CLARA, unha iniciativa compartida dirixida a promover a igualdade e previr a violencia de xénero mediante un servizo municipal integral e compartido e que realizará diversas actividades durante os meses de agosto e setembro.

A iniciativa está financiada cunha axuda de 20.559,96 € concedida pola Xunta, cofinanciada pola Unión Europea no marco do



programa FSE+ Galicia 2021-2027. O Programa foi adxudicado á empresa Red Talento Consultoras SL, con ampla experiencia en proxectos similares en 17 municipios galegos. Inclúe servizos de atención psicolóxica, xurídica, formación e sensibilización.

Éxitos do taekwondo cañicense

Alcalde Luís Piña recibiu ao alumnado de Taekwondo da Cañiza tralos excelentes resultados acadados no Campionato Galego Escolar de Técnica, Freestyle e Exhibición celebrado en maio pasado en Redondela, no marco do programa Xogade da Xunta e da Federación Galega de Taekwondo, onde alcanzaron medallas de prata e bronce nas categorías benxamín e infantil.

No acto tamén foi recoñecida a traxectoria de Fidel Rodríguez, quen obtivo dúas medallas de bronce no Campionato de España



celebrado en Alacante, así como Valladolid e o terceiro lugar no medalla de bronce no Open de Europeo.

O Balonmán da Cañiza colle impulso



Concello e o Club Balonmán Cañiza asinaron un novo convenio de colaboración para este 2025, o cuarto consecutivo, a razón de 1.666,67€ ao mes, coa finalidade de promover este deporte a nivel base e de alta competición así como para contribuír á promo-

ción do municipio nas competicións rexionais e nacionais. A Cañiza conta con dous equipos na Primeira División da Liga Regular da RFEBM: o "Balonmán Saeplast Cañiza" que compite na categoría Masculina Primeira Nacional; e o equipo "Oliveira & Faro Saeplast Cañiza".

Convocatoria para a traída das augas

Concello das Neves presentou a convocatoria pública para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ás Comunidades de Usuarios de Augas que reúnan os requisitos establecidos e que

realicen investimentos entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025 (ambos incluídos). Estes investimentos deberán redundar na mellora do servizo e fomentar o asentamento no rural ademais de dinamizar o asociacionismo veciñal.

viveiros

canedo

CENTRO DE XARDINERÍA

Rúa Real, s/n - N-120

Km. 645,5

Ponteareas - Pontevedra

Tel. 986 669 960

info@viveiroscanedo.com

www.viveiroscanedo.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.

REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO

DROGUERÍA

FERRETERÍA

JARDINERÍA

BEBIDAS

SULFATOS

INSECTICIDAS

BUTANO

VENTA DE PLANTAS

DISTRIBUIDOR OFICIAL Blona de houx

C/ MEROUDES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 2181 - 649 449 459

PUNTO DE VENTA

Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz

Tel. 619 061 357

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24

36459 SALVATIERRA (Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax 986 66 15 41

SPG TALLERES

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

Servicio integral a la construcción

DERIVADOS DEL CEMENTO

COVELO

986 644 036

www.covelo.cc

grupoluco@covelo.cc

LOURIÑA

Récord de vodas: 15 en 15 días

O Porriño vive un auténtico auge no número de vodas civís, converténdose nun dos municipios máis demandados da provincia para celebrar enlaces matrimoniais con quince casamentos no mesmo número de días. O alcalde Alejandro Lorenzo, que no 2023 xa sorprendera oficiando seis vodas en menos de oito horas, nesta ocasión oficiou sete casamentos en 24 horas.

Desde que asumiu a Alcaldía en 2022, Lorenzo oficiou centos de vodas, cunha media anual que ronda o centenar. Ese mesmo ano o Concello aprobou a supresión da taxa de 100 euros por oficiar



vodas, o que facilitou o acceso a este servizo a todas as parellas. Desde entón, o número de expedientes tramitados non deixou

de medrar. A Casa Consistorial e o Templete de San Luís son os lugares máis elixidos polas parellas para oficiar estas ceremonias.

Plan +Provincia en Cans, Torneiros, Mosende e Budiño

O Concello do Porriño vén de completar un proxecto de mellora de espazos públicos que permitiu renovar cinco parques infantís e unha área biosaludable nas parroquias de Cans, Torneiros, Mosende e Budiño. Cun investimento total de 74.300€ —dos cales 10.900 foron achegados con fondos municipais e o resto a través do Plan +Provincia 2024 da Deputación—, as actuacións supuxeron unha trans-



formación significativa destes espazos de lecer, pensados para o

disfrute das familias e especialmente da infancia.

10M€ para eficiencia enerxética

Cos votos a favor do goberno local e en contra do PSOE e BNG, o Pleno do Concello do Porriño vén de aprobar en sesión ordinaria, cos votos a favor do goberno local e os votos en contra do PSOE a posta en marcha dun estudo de custos por valor de 10M€ sobre eficiencia enerxética que permitirá modernizar e optimizar a xestión das instalacións eléctricas municipais ao longo dos vindeiros 20 anos



baixo o modelo dunha Empresa de Servizos Enerxéticos (ESE).

O proxecto, que será levado a licitación, implica a xestión e mantemento integral das insta-

lacións por parte da empresa adxudicataria e os prazos de resposta curtos ante posibles avarías e a reposición inmediata das luminarias defectuosas.

0 mellor enólogo de España é do Porriño

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, recibiu na Casa Consistorial a Pablo Estévez, veciño da parroquia de Atios, tras ser recoñecido por sexta vez como Mellor Enólogo de Viños Xoves de España nos Premios Baco 2024, organizados pola Unión Española de Catadores (UEC). Con 25 anos de experiencia, Estévez presentou nesta edición vinte viños, acadando tres premios Gran Ouro e o recoñecemento á



mellor marca nova do ano en España, distinción que xa obtivo en cinco ocasións.

Campiona galega de BTT

O Concello do Porriño homenaxeou á súa deportista Aroa Otero, de 19 anos e veciña da parroquia de Torneiros, nun acto de recoñecemento no ciclismo galego e internacional na modalidade de BTT e Ciclocross, na que vén de proclamarse campioa galega de BTT (ciclismo de montaña), revalidando o seu título de 2023.

Cunha década de traxectoria, Otero acumula un impresionante palmarés: foi dúas veces subcampioa de España de Ciclocross, quedou terceira no Campionato



de Europa de 2023 celebrado en Pontevedra e xa participou en tres campionatos europeos e un mundial nesta modalidade.

Entrega das Bolsas Antonio Palacios

Laura Rodríguez, María Quintas, Victoria Álvarez, Alejandra Pérez e Lucía Casilla do IES Pino Manso e Laura Romero, Alicia Gómez, Martín Táboas, Andrea Lorenzo e Anxo Martínez, do IES Ribeira do Louro, son os primeiros estudantes en recibir as Bolsas Antonio Palacios convocadas polo Concello do Porriño destinadas ao alumnado de 2º de Bachare-

lato que obtivo unha nota igual ou superior ao 8,5 na Proba de Acceso á Universidade (PAU).

O alcalde, Alejandro Lorenzo, e o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, presidiron a entrega destas bolsas nun acto público na praza Arquitecto Antonio Palacios. Nesta primeira edición fíxose entrega dunha decena de bolsas de 300€.

Bodas - Comunións

e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
 info@restaurantemanolo.es
 Antonio Palacios 101
 A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Manolo
 RESTAURANTE

Novo espazo público para a rúa Pío XII

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, asinou o convenio de colaboración co alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, para o financiamento do proxecto de creación dun novo espazo público na contorna da rúa Pío XII e o Centro de Saúde, no marco do Plan Extra. A actuación ascende a máis de 2M€ financiados pola Deputación cunha achega de 1,1 millóns de euros ao abeiro deste plan.

Neste novo espazo público construíranse zonas de descanso e reunión, gradas que funcionarán como un anfiteatro para actividades culturais, así como áreas



de xogo infantil cubertas e adaptadas para rapazada de distintos tramos de idade. Tamén contará cunha zona de auga con fontes

secas e canles decorativas que mellorarán o espazo tanto estética como funcionalmente e plantaranse especies autóctonas.

En proceso a heráldica do Porriño

O Concello comezou o proceso de dotarse por primeira vez de escudo e bandeira municipais convocando á comisión informativa para dar conta á corporación e á veciñanza do acordo adoptado pola Comisión de Heráldica de Galicia na súa sesión do 30 de xuño.

A proposta recolle símbolos vencellados á historia, á economía e ao patrimonio do municipio. No caso do escudo honrarase a



obra do arquitecto Antonio Palacios con referencia ao edificio da Corporación Municipal así como da tradición panadeira porriñesa que data do século XVI. A bandeira incorpora un fondo azul, torre amarela entre dúas espigas da mesma cor, compás, chumbada e roda dentada en branco na parte superior, e dúas franxas verticais ondadas de branco no lado do mastro, en alusión ao río Louro.

175.000€ para as comunidades de augas

O Concello do Porriño publicou unha nova liña de axudas destinada ás comunidades de usuarios de auga con achegas ás que se destinarán un total de 175.000€. Destos, 95.000€ estarán destinados á liña de mantemento de instalacións e 80.000€ á liña de investimentos.

Cada comunidade poderá optar a un máximo de 8.000€ por cada liña de axuda, podendo alcanzar



os 12.000€ no caso de solicitar apoio en ambas as liñas. En ningún caso a contía total subvencionada poderá superar o 80 % do custo

total do proxecto presentado. As bases reguladoras xa están publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

O Festival de Cans puntuará nos Premios Goya 2026

O Festival de Cans formará parte do listado de certames de prestixio que puntuarán para a selección de finalistas dos Premios Goya, na vindeira edición de 2026 que terá lugar en febreiro en Barcelona. A decisión foi comunicada esta semana pola Academia de Cine Español que pre-

side Fernando Méndez-Leite á organización do certame, despois da reunión que a Xunta Directiva desta entidade mantivo para analizar a traxectoria histórica dos eventos. Cans marca un fito ao ser o único festival de España que se celebra nunha zona rural que calificará para os Premios Goya.

Nova vítima por violencia de xénero



O Concello do Porriño gardou un minuto de silencio e o Concello de Mos decretou dous días de loito oficial en memoria da traballadora do

Servizo de Axuda no Fogar (SAF) que foi asasinada na parroquia porriñesa de Atios, mentres realizaba o seu labor profesional. A vítima era natural de Mos.

O BNG esixe protección para as traballadoras do SAF

O BNG do Porriño sumouse ás concentracións para solidarizarse con Teresa, traballadora do SAF neste Concello, a quen mataron brutalmente o pasado 29 de xullo mentres estaba prestando os seus servizos nun domicilio. Os nacionalistas porriñeses esixiron ao Alcalde Alejandro Lorenzo medidas de protección para as mulleres traballadoras do SAF ante "a precariedade e

os salarios baixos" toda vez "a Xunta recortou 17M€ nos últimos dous meses deste servizo debilitando así a rede pública de residencias e centros de día, perpetuando un modelo asistencialista e privatizador". O SAF no Porriño estase prestando a través da empresa Aralia, pero o Concello é o responsable do seguimento das incidencias que as auxiliares reportan á empresa.

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038
PONTEAREAS
rúa senén canido, 4

**forjados
hinos. duran s.l.**

www.forjadosduran.com

LOURINHA

Mos e o eslovaco Pezinok buscan irmandamento

A Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o Alcalde da localidade eslovaca de Pezinok, Roman Mács, mantiveron unha primeira videoconferencia institucional como punto de partida para avanzar no proceso de irmandamento. Tras consultar coa FEMP, o Concello de Mos pretende debater en pleno municipal o 28 de xullo a aprobación inicial deste irmandamento que agarda verse materializado a partir de setembro próximo, coincidindo coas festas locais no municipio eslovaco. Durante a videoconferencia, Arévalo realizou unha invitación a Pezinok para participar



na Festa da Rosa no mes de xuño de 2026.

Como punto de unión estratéxico entre ambos municipios púxose en valor a presenza da empresa Grupo Copo, que conta con

plantas de produción tanto en Mos como en Pezinok, e que permitirá crear sinerxías no ámbito do desenvolvemento local, a innovación industrial e o intercambio de coñecemento.

2.900 quilos para un verán solidario

A Asociación Solidaria Mos Axuda logrou reunir un total de 2.900 quilos de alimentos durante a súa campaña solidaria de verán, que xa están a ser distribuídos entre 66 familias do municipio. En total, beneficianse 148 persoas, das cales 35 son menores. A xornada principal de recollida tivo lugar nos supermercados Eroski, Gadis e Alcampo de Mos. Esta axuda, que



continuará de cara a tempada de Nadal, distribúese a través do rexistro de vulnerabilidade social

co que traballa a asociación, en colaboración co Departamento de Servizos Sociais do Concello.

Mos amplía a súa Policía Local



A Alcaldesa Nidia Arévalo recibiu aos dous novos axentes da Policía Local: Miguel Martínez Alonso (procedente da Policía Nacional) e Óscar Pérez Teixeira (permuta co Concello de Soutomaior), que se

incorporan oficialmente a un corpo municipal que agora conta con dez efectivos. Agárdase que para 2026 este persoal se amplíe a trece efectivos trala aprobación da modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT).

40 aniversario do Centro Recreativo e Cultural de Torroso



Os componentes da primeira directiva do Centro Recreativo e Cultural do Torroso celebraron o seu 40 aniversario coincidindo cun dos actos programados polas Festas Patronais de San Mamede. No acto lembráronse os nomes das persoas homenaxeadas se-

gundo a acta fundacional de febreiro de 1985. Houbo tamén mención especial aos membros da devandita directiva xa falecidos, cun recoñecemento ás súas familias. Destacáronse igualmente logros como a Escola e Conservatorio de Torroso, convertido nun referente provincial.

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

633 60 12 57

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 50
633 60 12 57
josefuis.bugarin@agencia.aaa.es
segurosbugarin@gmail.com

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACIÓN E ASESORAMENTO
DE EMPRESAS

**José Abraldes Amil
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E 36400 - O Porriño (Pontevedra)
Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
abraldes@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURIA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDAS.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisla.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

875.000€ para o saneamento de Entenza

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, asinou o convenio de colaboración coa Alcaldesa de Salceda, Dolores Castiñeira, para completar a rede de saneamento na parroquia de Entenza.

O organismo provincial financia o 100% dun proxecto valorado en 875.000€, cunha achega de 700.000€ a través do Plan Extra e co aporte de 175.000€ para cubrir a parte correspondente do Concello a través do Plan +Provincia. A obra comprende a construción de colectores nunha zona rural da parroquia de Entenza para recoller as augas residuais e conducilas



ata os colectores do Louro e levalas á EDAR de Guillarei, en Tui. En concreto, está prevista a execución de doce tramos de colectores de

saneamento en tubaría de PVC compacto de diámetro 315 mm, así como a reposición do asfalto afectado polos traballos.

80 hectáreas arrasadas na Picoña

Un incendio declarado na parroquia da Picoña ás 16:17 horas do mércores día 6, avanzou perigosamente cara ao núcleo poboado de Pedrapinta, o que motivou a activación da Situación 2 de emerxencia. O lume foi controlado ás 18:58 horas do 7 de agosto, tras arrasar aproximadamente 80 hectáreas. Esta alerta foi desactivada, e as autoridades confirmaron que non houbo risco directo para as vivendas, grazas á rápida intervención dos equipos de extinción.

Para sufocar as chamas, despregáronse 3 técnicos, 13 axentes,



23 brigadas, 16 motobombas, 2 pas, 4 helicópteros e 2 avións. No operativo participaron os brigadistas das agrupacións de Protección Civil de Salceda, Tui e

Oitavén-Tea así como a veciñanza de A Picoña ademais de efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME), que xogaron un papel cruce nos labores de contención.

600.000€ para saneamento en Mos

O Concello de Mos inviste 627.541,8€ para saneamento en Cela, que levará o maior monto, 607.541,8€, así como en Sanguñeda.

En Cela haberá intervencións no saneamento do Camiño do Millón, Fondo de Atín, Camiño da Pedreiría e Camiño da Cou-



tadiña. Os proxectos teñen un prazo máximo de execución de cinco meses desde o inicio das obras, previsto para este mes de outubro.

A maiores, destínase unha achega municipal de 20.000€ en Sanguñeda para a rede de sumidoiros no Camiño Os do López.

Consulta pública para a xestión de biomasa

O Concello de Salceda realiza unha consulta pública para a ordenanza de xestión de biomasa de conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración da Ordenanza municipal da xestión da biomasa e plantacións forestais. O Concello solicita a opinión dos su-



xeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma, que poderán presentar dentro dun prazo que remata o 18 de agosto.

Éxitos do piragüismo salcedense

A padexeira Karla Henriques Da Silva acadou a medalla de prata en K2 1000m no Campionato de España e o bronce en K4 na categoría júnior. Ademais, entrou en final B en K1 e quedou quinta de España en K2 500m.



Volve o Negrita Music Festival



O Concello do Porriño presentou o cartaz oficial da terceira edición do Negrita Music Festival, que se celebrará o 6 de setembro. Serán 9 horas de música ininterrompida con figuras como Yung Beef,

Hard GZ, Cyril Kramer, La Pantera, os DJs Alvama Ice, Xiyo & Fernandez, Groove Amigos e Traffic House e a agrupación Galicia Army. A organización agarda superar os 10.000 asistentes que se reuniron na pasada edición.



A Festa do Xamón busca posicionar á Cañiza no mapa gastronómico

O restaurante Os do Resero acolleu a presentación oficial da 59ª edición da Feira do Xamón da Cañiza, que se celebrará este 15 de agosto.

O acto contou coa presenza do Alcalde Luis Piña, do Delegado do Consorcio da Zona Franca de Vigo, David Regades; o presidente da Cámara Municipal de Melgaço, Manoel Batista; os Alcaldes de Covelo e Melón, Pablo Castillo e Emilio Díaz; os Tenentes de Alcalde da Cañiza, Paula Bacelar e Miguel

Anxo Antón; e o mestre xamoneiro e director do X Concurso Nacional de Cortadores de Xamón, Víctor Burgos.

Piña reafirmou o papel desta festa como referente gastronómico en Galicia, pero tamén como motor de dinamización económica e cultural para todo o territorio: "A Cañiza é, sen dúbida, o epicentro do xamón galego. Levamos case 60 anos poñendo en valor un produto que representa a nosa identidade, a nosa historia e o esforzo

das nosas xentes. A nosa intención é orientar esta festa cara a unha gran feira de exposición do xamón e dos produtos da comarca, que posicione A Cañiza no mapa gastronómico nacional. Tamén puxo en valor o impacto positivo que a feira ten na economía local, en particular a hostalería ante o turismo gastronómico.

Entre os obxectivos desta 59ª edición están a elaboración o día 13 de agosto do tradicional bocadillo xigante, cunha barra de



pan de máis de 20 metros e recheo do mellor xamón da Cañiza, e será o prestixioso mestre xamoneiro Víctor Burgos, director do Concurso Nacional de Corta-

dores de Xamón, o encargado de cortar en directo a loncha protagonista. Ao día seguinte, o 14 celebrárase a Master Class de Xamón e Cata de Viños.

31 FESTIVAL DA POESIA NO CONDADO

5-6 SETEMBRO SALVATERRA DE MINHO

DAKIDARRÍA
ORQUESTRA BRAVÚ XANGAI
NADIE GONZÁLEZ OMIRI
HUGO GUEZETA ST E MATAFAME
XOSÉ LOIS ROMERO E ALIBORIA
REGUEIFA TOUR PAULIÑA
AMEAÇA DE BOMBO
(VARTETO) CARAMUXO
MARQUÉS DE VILAPODRE

SILVIA PENAS
SAMUEL MERINO
PAÇO BARREIRO
NEVES RODRÍGUEZ
O LEO ARREMECÁGHONA
MASHA ÁLVAREZ
DANIEL SALGADO
SILVIA MOTA
EMMA COUCEIRO
AURORA ABELAIRAS

FESTA INFANTIL (OM) OS JALO(HOS)

poesia | festa infantil | mesa de ideas | feira de artesanato e colectivos | trem chu-chu audiovisual | fútbol gaélico | aberto de bilhanda | aberto de chave

SCD-CONDADO | RUTA DE GALICIA | 2025 | GALICIA

59 FESTA-FEIRA DO XAMÓN NA CAÑIZA

14 e 15 de agosto de 2025

MARTES 12
As 22.30h actuación de MERCEDES PEÓN co seu espectáculo INGRÁVIDA na Praza Maior.

MÉRCORES 13
As 17.00h elaboración do BOCADILLO DE XAMÓN xigante e OBRADOIRO DE PAN para os máis pequenos, na Rúa Oriente.
As 22.30h na Praza Maior actuación da Discoteca Móbil MEGA CDC.

XOVES 14
As 12.00h PASARRÚAS dos nosos CABEZUDOS centenarios acompañados polo Grupo de Gaitas SANTA CRISTINA DE VALEIXE. Saída desde a Casa do Concello.

As 19.00h MASTER CLASS DE CORTE DE XAMÓN e CATA DE VIÑOS diante da Casa do Concello. (Acceso libre e aforo limitado).
As 22.30h GRAN VERBENA amenizada polo Grupo SUPER TOP na Rúa Antonio Facorro e a ORQUESTRA RITMO JOVEN na Praza Maior

VENRES 15. "59 FESTA FEIRA DO XAMÓN"

XORNADA GASTRONÓMICA NA CARBALLEIRA DO CACHARADO

11.00h Venda de tickets para a compra de racións.
11.30h Comezo do X CONCURSO NACIONAL DE CORTADORES DE XAMÓN.
12.00h Desfile da COMITIVA DO XAMÓN desde o Concello ata a Carballeira do Cacharado.
12.30 a 13.30h Actuación dos Grupos de Gaitas "O CRUCEIRO" da Cañiza e da "ASOCIACIÓN CULTURAL SANTA CRISTINA DE VALEIRE".
14.30h Entrega de premios do CONCURSO DE CORTADORES DE XAMÓN e sorteo de 3 XAMÓNS.
19.00h Animación infantil na Rúa Oriente: "BRINCADERAS DA LINGUA" pola Compañía NIGALLAS TEATRO.
As 22.30h GRAN VERBENA na Rúa Antonio Facorro a cargo do GRUPO LA NORIA e na Praza Maior coa ORQUESTRA SOLARA.

CONCELLO DA CAÑIZA | RUTA DE GALICIA | galicia | 2025 | ABANCA

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas

milfollas@mundo-r.com